

4º Certame de

Relato curto

de FADEMGA Plena inclusión Galicia



**Unha convocatoria aberta á creatividade e á voz propia
das persoas con discapacidade intelectual**



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA

**Plena
inclusión**
Galicia



Co obxectivo de visibilizar o talento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e de promover a lectura e a escritura, FADEMGGA Plena inclusión Galicia convoca o 4º Certame de relato curto.

CATEGORÍAS

Categoría A: relatos individuais.

Categoría B: relatos grupais (máximo 4 persoas).

QUEN PODE PARTICIPAR?

Os relatos poderán ser presentados por persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento de entidades federadas ou non federadas.

As persoas poderán contar co apoio dun profesional, familiar, amizade ou persoa voluntaria.

OS RELATOS

- O tema dos relatos terá que xirar arredor da lectura ou do Día das Letras Galegas.
- Os relatos que se presenten na **categoría A** deberán ter: unha extensión mínima de 3 carillas e unha extensión máxima de 5 carillas.
- Os relatos que se presenten na **categoría B** deberán ter: unha extensión mínima de 6 carillas e unha extensión máxima de 10 carillas.
- Os relatos deberán estar en galego e escrito a ordenador.
- Os relatos deberán ter un título e estar asinados cun pseudónimo.
- Os relatos presentados deberán ser orixinais, é dicir, non puideron ser presentados noutros certame.
- As persoas participantes cederán os dereitos dos relatos así como da súa difusión en exclusiva a FADEMGGA Plena inclusión Galicia.

PRAZO

O prazo para recibir os relatos estará aberto ata o **8 de maio de 2026**.



Certame de Relato curto

PREMIOS

CATEGORÍA A: relatos individuais

- 1º premio: Material por un valor de 75€.
- 2º premio: Material por un valor de 50€.

CATEGORÍA B: relatos grupais

- 1º premio Material por un valor de 150€.
- 2º premio: Material por un valor de 100€.

Información importante sobre os premios:

- FADEMGA poñeráse en contacto coa persoa ou persoas gañadoras e ofreceralle distintas páxinas web relacionadas con material de papelería ou lectura para que escollan o que queren dentro do valor gañado.
- FADEMGA fará a compra deses materiais.
- FADEMGA enviará o material escollido á asociación.

COMO PRESENTAR OS RELATOS

Dentro dun sobre meterase o relato orixinal, asinado co pseudónimo e a categoría na que se presenta (A ou B). Dentro dese sobre, terá que meterse outro sobre, no que figurará o nome e apelidos da persoa autora ou persoas autoras, entidade a que pertencen e un teléfono de contacto.

O sobre no que van os datos da persoa autora ou persoas autoras só se abrirá unha vez seleccionados os relatos gañadores.

Os relatos deberán enviarse á seguinte dirección e co seguinte asunto:

FADEMGA Plena inclusión Galicia. “**Cuarto Certame de relato curto**”.

Vía Pasteur, nº 53-B, Polígono do Tambre. Santiago de Compostela, 15890 (A Coruña).

QUEN SERÁ O XURADO?

O xurado estará formado por persoas da xunta directiva de FADEMGA Plena inclusión Galicia e profesionais da propia Federación.

Os relatos gañadores daranse a coñecer o **17 de maio de 2026** a través da nosa web e redes sociais.

DÚBIDAS?

Podes chamar ao 981 51 96 50 e preguntar por Irene Fandiño ou mandar un correo a accesibilidade@fademga.org



XUNTA
DE GALICIA


CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA
Plena
inclusión
Galicia

4º Certame de

Relato curto

de FADEMGA Plena inclusión Galicia



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA
 Plena
inclusión
Galicia